



GUÍA DOCENTE DE CORO (I-II)

ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 171/2016, do 24 de novembro)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

DISCIPLINA: CORO (I - II)

ESPECIALIDADE	DIRECCIÓN								ITINERARIOS	DIRECCIÓN
CARÁCTER	Materia obrigatoria								TIPO DE CLASE	Colectiva
CURSOS	1º curso	2º curso	3º curso	4º curso	DEPARTAMENTO					Orquestra
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	1,5
ECTS/CUAD.	-	-	1	1	-	-	-	-	Observacións:	

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS

DESCRIPTOR:	Interpretación do repertorio coral habitual <i>a capella</i> e con orquestra. Desenvolvemento da educación vocal. Afondamento nas capacidades relacionadas coa lectura a primeira vista, a comprensión e resposta ás indicacións do director e a integración no conxunto.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Os correspondentes a Linguaxe musical.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	A disciplina de orquestra/banda é o eixe vertebral da especialidade de interpretación, e depende directamente do proceso de aprendizaxe nos distintos itinerarios.
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T7, T9, T10, T13
COMPETENCIAS XERAIS:	X2, X3, X4, X7, X8
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EI3, EI4, EI5, EI7, EI8, EI9, EI10 – EP3, EP4, EP5, EP8
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 171/2016, do 24 de novembro.	

3. OBXECTIVOS

DESCRIPCIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
1. Saber cantar a catro e máis voces <i>a capella</i> obras de diferentes épocas e estilos	X2, X3, X7, EI3, EI4, EI5, EI6, EI8, EI9, EI10, EP3, EP4
2. Entoar correctamente a primeira vista obras sinxelas a 2, 3 e 4 voces.	X2, X3, X7, EI3, EI4, EI5, EI6, EI8, EI9, EI10, EP3, EP4
3. Coñecer as fonéticas dos idiomas aplicados ó canto nas obras que se interpreten na clase.	X2, X3, EP3, EP4
4. Ter conciencia da importancia de traballar en grupo, a asistencia a clase co seu papel aprendido e respectando ós demais alumnos/as tanto persoal como artisticamente.	T7, T9, T10, EI3
5. Saber integrarse no conxunto vocal e co acompañante ou acompañantes.	T7, T9, EI3, EI8, EI9
6. Responder correctamente as indicacións feitas polo director/a en todos os aspectos técnicos estilísticos: articulación, fraseo, dinámica, planos...	X2, X7, EI4, EI9
7. Diferencia estilos de diversas épocas e autores.	X2, X3, EI5
8. Desenvolver a capacidade de interpretación camerística.	T7, T9, T10, EI7, EI8, EP5
9. Respetar ós seus compañeiros/as tanto a nivel persoal como profesional, axudando á súa integración no grupo.	T7, T9, T10, EI3, EI8
10. Controlar o corpo e a mente nas interpretacións cara o público.	X3, EP5
11. Asistir con regularidade e puntualidade ás clases e con actitude positiva.	X7, T13
12. Coñecer as características da propia voz: extensión, tesitura, timbre e cualidades expresivas e aplicalas as interpretacións.	X3, X8, EI4



13. Desenvolver un sentido crítico para consigo mesmo durante todo o proceso de aprendizaxe que lle sirva ademais para enriquecerse e saber buscar, analizar e estudar independentemente determinadas obras adecuadas para alumnados diferentes.	T7, T10, EI10, EP3
14. Establecer un clima de diálogo e cooperación entre alumnos e alumnas e o profesor e enriquecer así a aprendizaxe.	T7, T9, T10, T13, EI8, EI10, EP8

4. CONTIDOS

1. Respiración, relaxación e axeitamento corporal.
2. A emisión e o ataque do son.
3. A afinación e lectura a primeira vista. 3.1. Facelo sen necesidade de facer soar todos os elementos dunha obra 3.2. Estratexias para saber afinar con precisión
4. Interpretación 4.1. Estilo 4.2. Fraseo 4.3. Adecuación á época e autor
5. O xesto do director
6. Texturas homofónicas e polifónicas
7. O canto a primeira vista
8. O ensaio. Dinámica e preparación
9. Métodos de estudo. 9.1. Responsabilidade no propio estudo 9.2. Análise da obra, métodos de comprensión e memorización.

5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Práctica individuais	Non presencial	Durante o cuadrimestre
Ensaio seccionais con profesor	Presencial	Durante o cuadrimestre
Ensaio tutti	Presencial	Durante o cuadrimestre
Ensaio xerais	Presencial	Durante o cuadrimestre
Concertos	Presencial	Na metade e ao final do cuadrimestre
Avaliación do proceso	Presencial	Ao final do cuadrimestre
Titorías	Presencial	Durante o cuadrimestre

6. AVALIACIÓN

A ensinanza é de carácter presencial e de asistencia obrigatoria. Sen embargo, existen fórmulas de recuperación se o número de faltas de asistencia é significativo. A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuadrimestre, ordinaria e extraordinaria.

Avaliación ordinaria:

- Avaliación continua durante os ensaios e concertos.
- Traballo e estudo previo
- Hixiene vocal
- Traballos teóricos ou proxectos teórico-prácticos compensatorios.

Avaliación extraordinaria:

- Audición en conxunto
- Portafol coas partituras traballadas con indicacións, e análise.
- Traballo de investigación

Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación e ponderacións nas programacións dos diferentes cuadrimestres da disciplina.